

UN SIMPLE ACCIDENTE

1614

Jafar Panahi, 2025

ESTREA EN NUMAX: 17.10.2025 | V.O.S.E. | +16 | 103 min

O que semella un pequeno accidente de coche convértese axiña no detonante dunha cadea de eventos inesperados e cada vez máis graves. A medida que as repercusións se expanden, os involucrados vense arrastrados a situacións fóra do seu control, enfrontando decisións difíciles e consecuencias irreversibles.

«Vibrante thriller, directo, enérxico e libre»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Jafar Panahi: «O filme baséase en feitos reais vividos por prisioneiros auténticos»

Por Jean-Michel Frodon

Que pasou na súa vida desde a súa película de 2022 *Os osos non existen*? Entrei nunha nova etapa como cineasta. Desde a miña primeira película, *O globo branco* en 1995, ata *Offside (Fóra de xogo)*, 2006), concentreime nos meus problemas como director. Había presións na contorna, por suposto, pero podía centrarme en atopar solucións aos problemas cinematográficos. Despois do meu primeiro arresto en 2010, cando se me prohibiu viaxar ou facer películas, o meu enfoque desprazouse cara ás miñas propias circunstancias. Antes, a miña cámara estaba dirixida cara a fóra, pero desde entón volveuse cara a dentro —como pode verse nas películas que fixen, desde *Isto non é unha película* (2011) ata *Os osos non existen* (2022). Agora que esas restricións se levantaron, sentín a necesidade de volver mirar cara a fóra —só que de forma distinta esta vez, marcada por todo o que vivín, incluíndo unha segunda condena de prisión entre xullo de 2022 e febreiro de 2023.

Como se transforma unha experiencia así nunha película? A idea inicial xurdiu rapidamente: pregunteime que pasaría se unha das persoas que coñecera en prisión fose liberada e se atopase cara a cara cun torturador. Esa pregunta desencadeou un proceso de escritura con dous amigos guionistas, Nader Saeivar e Shadmehr Rastin. Empezamos a bosquejar posibles desenvolvementos, pero axiña me decatei de que o máis importante era a autenticidade das historias sobre a vida en prisión e as distintas formas de contalas. Involucrei a alguén que pasara moito tempo no cárcere, e que lamentablemente volveu estar alí: Mehdi Mahmoudian.

Diría que personaxes como Vahid, Shiva ou Hamid representan a individuos específicos? Son ficticios, pero as historias que contan baséanse en feitos reais vividos por prisioneiros auténticos. O que tamén é real é a diversidade destes personaxes e as súas reaccións. Algúns se volven moi violentos, movidos polo desexo de vinganza. Outros tentan dar un paso atrás e pensar en camiños a máis longo prazo. Algúns estaban moi politizados. Outros non o estaban en absoluto e foron arrestados case por casualidade. Ese é o caso de Vahid, o personaxe principal: era un traballador que simplemente reclamaba o pago do seu salario. O réxime non distingue entre estas persoas. Cada un dos outros personaxes representa a un dos moitos grupos de oposición, organizados de maneira máis ou menos laxa. Estes grupos a miúdo chocan, mesmo entre reixas. Todos coinciden en opoñerse ao réxime, pero máis aló iso... Desde a morte de Mahsa Amini e o auxo de "Muller, Vida, Liberdade", o rexeitamento ao réxime xeneralizouse. Moitas veces, a xente non sabe con que substituílo. Hoxe vese claramente, por exemplo, moitas mulleres aparecen en público sen a hiyab. Ese tipo de desobediencia civil masiva era impensable hai apenas uns anos. Pero as escenas da película, rodadas nas rúas con actrices sen velo, reflicten a realidade actual. Son as mulleres iranianas as que impuxeron esta transformación.

Puido rodar abertamente esta vez, ou tivo que filmar en segredo, como nas súas obras anteriores? Como non solicitei permisos oficiais -que de todos os xeitos non me habían conceder-, tiven que recorrer aos mesmos métodos clandestinos que en películas anteriores. Xusto antes de terminar a rodaxe, apareceron uns axentes vestidos de paisano que esixiron todo o material. Negueime. Seguiron presionándonos, ameazando con arrestar ao equipo e deter a produción. Ao final, desistiron. Fixemos unha pausa na rodaxe durante un tempo, logo retomámolo. Non ocorreu nada máis.